I EDICIÓN CONCURSO DE BANDA DESEÑADA EN GALEGO

Curso 2026–2027

1. Organización e finalidade

A Coordinación da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro convocan un concurso de banda deseñada en lingua galega durante o curso 2026–2027.

O certame ten como finalidades fomentar o uso creativo do galego, promover a lectura e a creación de banda deseñada, favorecer a expresión artística e narrativa e visibilizar o talento do alumnado do centro.

2. Persoas participantes

Poderá participar o alumnado matriculado en calquera das ensinanzas impartidas no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro durante o curso 2026–2027, con independencia da idade ou modalidade formativa.

A participación poderá ser individual ou en equipos de dúas persoas como máximo. Ambas deberán estar matriculadas no centro. En obras colectivas indicarase a contribución de cada persoa (guión, debuxo, cor ou outras tarefas). Cada persoa poderá figurar nunha única candidatura e cada candidatura poderá presentar unha soa obra.

3. Temática e características das obras

- A temática, o xénero e o estilo serán libres, sempre que o contido respecte a dignidade das persoas e non promova discriminación, odio ou violencia.
- Os textos incorporados á narración (diálogos, cartelas e demais elementos textuais) estarán redactados en lingua galega.
- As obras deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente noutros certames. Non se admitirán reproducións nin adaptacións non autorizadas de obras alleas.
- A extensión será dun mínimo de 1 páxina e un máximo de 4 páxinas, en tamaño DIN A4, numeradas e sen portada adicional. O título figurará na primeira páxina sen ocupar unha páxina independente.
- Cada obra deberá contar unha historia autoconclusiva, comprensible por si mesma, mediante unha secuencia narrativa de imaxes ou viñetas. Poderá realizarse en branco e negro ou en cor, con técnica manual ou dixital.

- A obra presentarase en papel ou cartolina de tamaño A4. Os traballos realizados dixitalmente deberán imprimirse para a súa entrega, garantindo a lexibilidade dos textos.
- Non se permitirá utilizar sistemas de intelixencia artificial xerativa para producir ou modificar o guión, os diálogos, as imaxes, os fondos ou outros elementos creativos da obra. Admítense ferramentas dixitais convencionais de debuxo, maquetación e edición utilizadas directamente polas persoas autoras.

4. Prazo de presentación

O prazo abrirase coa publicación destas bases e rematará o día 18 de decembro de 2026, ás 15 horas. Non se admitirán obras presentadas fóra do prazo. A organización poderá anunciar unha ampliación do prazo antes do seu vencemento polos medios oficiais do centro.

5. Presentación e identificación anónima

Os traballos entregaranse na conserxería do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro en horario de apertura do centro, nun sobre pechado. No seu exterior figurará unicamente: «CONCURSO DE BANDA DESEÑADA», o título da obra e un pseudónimo.

No interior, además da obra, incluirase un documento onde figuren os seguintes datos: Título da obra, pseudónimo (os mesmos que están no exterior), a declaración responsible do Anexo I e os datos persoas da persoa ou persoas autoras.

Aconséllase conservar unha copia, pois os orixinais poderán ser utilizados temporalmente para a exposición no centro.

6. Xurado e incompatibilidades

O xurado estará integrado por persoas docentes integrantes do EDLG e do equipo de Biblioteca do curso 2026–2027. A súa composición concreta darase a coñecer antes do fallo. Non participará na valoración dunha obra ningunha persoa que teña un conflito de intereses directo coa súa autoría.

O xurado poderá pedir aclaracións ou evidencias razoables sobre o proceso creativo cando existan dúbidas fundadas de cumprimento das bases, sen que iso implique presumir unha infracción. A decisión motivada do xurado sobre a valoración artística será definitiva, sen prexuízo da corrección de erros materiais ou incumprimentos destas bases.

7. Criterios de valoración

As obras admitidas avaliaranse sobre 100 puntos, aplicando os seguintes criterios:

Criterio	Máximo
Orixinalidade da idea e creatividade	25
Calidade narrativa: desenvolvemento, coherencia e desenlace	25
Linguaxe propia da banda deseñada: secuenciación, viñetas e integración de texto e imaxe	20
Expresividade e resolución gráfica, adecuadas á intención narrativa (non só virtuosismo técnico)	15
Calidade e adecuación do galego empregado	15

En caso de empate, prevalecerá a maior puntuación no criterio de calidade narrativa; de persistir, na linguaxe da banda deseñada e, por último, na orixinalidade. Se aínda persistise o empate, decidirá o xurado por maioría, deixando constancia na acta.

8. Premios e fallo

Concederanse os seguintes premios:

- No caso de presentarse menos de 10 traballos: Un único premio de 60 euros.
- De presentarse 10 ou máis traballos: 1º premio 60 €; 2º premio: 40 €

A organización poderá establecer mencións honoríficas sen dotación. Os premios entregados a obras colectivas corresponderán conxuntamente ás persoas coautoras nas condicións que se anuncien.

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que ningunha obra reúne a calidade mínima suficiente, deixando constancia dos motivos. O fallo e a data do acto de entrega comunicaranse a través das canles oficiais do centro. As persoas premiadas serán informadas polos datos de contacto facilitados.

9. Exposición, difusión e propiedade intelectual

As persoas autoras conservarán a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual das súas obras. A participación non supón a súa cesión en exclusiva.

Mediante a autorización do anexo I, as persoas participantes permitirán ao centro, de maneira non exclusiva e gratuíta, reproducir, expoñer e comunicar publicamente a obra exclusivamente para a divulgación cultural e non comercial do certame, incluíndo a exposición nas instalacións do centro, a web institucional e as súas redes sociais, sempre coa identificación das persoas autoras segundo a opción de acreditación consentida.

Esta autorización non permitirá a explotación comercial nin a modificación substancial das obras sen novo consentimento. Para obras con participantes menores de idade requirirase, cando proceda, a autorización da persoa representante legal. A publicación da obra e a difusión de datos persoais ou imaxes identificables son cuestións diferenciadas e deberán contar coa cobertura correspondente.

10. Incumprimentos e aceptación

Poderán excluírse as obras que incumpran as condicións de participación, autoría, idioma, formato, prazo ou prohibición de IA. Antes de adoptar unha exclusión por cuestións de autoría ou IA, procurarase dar audiencia ás persoas interesadas e valorar os elementos dispoñibles. A organización poderá solicitar bosquexos, arquivos de traballo ou unha explicación do proceso creativo de maneira proporcionada.

A participación implica a aceptación destas bases. As cuestións non previstas resolveranse pola organización atendendo aos principios de igualdade de trato, transparencia e proporcionalidade, sen alterar retroactivamente os requisitos esenciais.

ANEXO I. Ficha de participación e declaración responsible

Título da obra: _____

Pseudónimo: _____

Autoría 1: nome e apelidos _____ Grupo/ensinanza _____

Correo de contacto _____ Función creativa _____

Autoría 2 (se procede): nome e apelidos _____ Grupo/ensinanza _____

Correo de contacto _____ Función creativa _____

Declaro/declaramos que a obra é orixinal e inédita, que dispoñemos dos dereitos necesarios sobre todos os seus elementos, que non foi premiada noutro certame e que non se utilizou IA xerativa na súa creación ou modificación.

Autorizo/autorizamos a exposición e difusión cultural non comercial da obra nas condicións das bases.

En caso de publicación, identificación da autoría mediante:

☐ Nome e apelidos ☐ Pseudónimo

Confirmo/ confirmamos que lin/lemos a información sobre protección de datos facilitada polo centro:

Lugar e data: _____ Sinatura(s): _____

Se algunha persoa participante é menor de idade: datos e sinatura da persoa representante legal,

Nome completo: _____

Identificación: _____

Sinatura: _____